

REGULAMENTO PARTICULAR

BTT SAN SADURNIÑO 2026

"Entre corredoiras, toxos e xestas"
14 de xuño de 2026 • San Sadurniño

1. PREÁMBULO

Esta marcha cicloturista de bicicleta de montaña está organizada por:

- CLUB BIELA E CHAVETA

1.1 DEFINICIÓN

A BTT San Sadurniño é unha proba cicloturista de carácter non competitivo que terá lugar o 14 de xuño de 2026, con saída ás 8:30 h desde a Finca A Cortiña, en San Sadurniño.

Esta proba réxese polo disposto no título XV – CICLISMO PARA TODOS do regulamento da Unión Ciclista Internacional, así como polo título X – REGULAMENTO DE CICLISMO PARA TODOS (C.P.T.) da Real Federación Española de Ciclismo.

O percorrido discorre por pistas forestais, camiños tradicionais, corredoiras e sendeiros dos concellos de San Sadurniño, Moeche e As Somozas.

A marcha contará con tres percorridos:

- Ruta curta: 27,78 km e 800 m de desnivel aproximado.
- Ruta media: 60,10 km e 1.847 m de desnivel aproximado.
- Ruta longa: 69,51 km e 2.165 m de desnivel aproximado.

O percorrido é acumulable, permitindo aos participantes decidir durante a marcha se continúan cara aos percorridos máis longos.

2. PARTICIPACIÓN

A marcha estará aberta a todas as persoas interesadas en participar. Será condición indispensable ter os 15 anos cumpridos o día da marcha.

O participante que se inscriba estará obrigado a ter unha licenza federativa do ano en curso, expedida por unha federación ou organismo afiliado á Unión Ciclista Internacional.

Os participantes de 15, 16 e 17 anos deberán entregar no momento da recollida do dorsal a autorización paterna ou dun titor responsable.

Todo participante que non estea en posesión dunha licenza federativa en vigor deberá subscribir a licenza dun día, que inclúe o seguro proporcionado pola Federación Galega de Ciclismo.

Permítese a participación con bicicletas de montaña convencionais e bicicletas eléctricas (e-Bike), sempre respectando as limitacións legais vixentes.

2.1 SEGUROS

Todos os participantes estarán cubertos cun seguro de accidentes. Os únicos seguros válidos son os seguros de accidentes e responsabilidade civil proporcionados coa licenza federativa de ciclismo expedida por un organismo asociado á Unión Ciclista Internacional, ou o seguro dun día que proporciona a Federación Galega de Ciclismo.

Os participantes que acudan coa licenza dunha Federación ou organismo afiliado á UCI distinto da Federación Galega de Ciclismo deberán verificar que o seu seguro de accidentes ten cobertura en Galicia, concretamente na provincia da Coruña.

2.2 LICENZA DUN DÍA

A Federación Galega de Ciclismo facilitará a licenza dun día a quen non teña licenza de ciclismo, satisfacendo a taxa correspondente ademais da cota de inscrición.

3. SEGURIDADE

A organización da proba réxese polas normas de tráfico vixentes, polo que é obrigatorio o uso do casco protector homologado en todo o percorrido. O incumprimento desta norma será motivo de expulsión inmediata.

A ruta discorre por tramos de circulación ordinaria. Todos os participantes considéranse en excursión persoal e deben atenerse ás normas do Código de Circulación.

É obrigatorio levar un teléfono móbil cargado durante a proba. Os teléfonos de emerxencia figurarán no dorsal e serán publicitados polos distintos medios da organización.

Deberase circular pola dereita e respectar en todo momento as indicacións da organización e das forzas da orde.

O dorsal de participación é persoal e intransferible. Quedará totalmente prohibido participar na marcha sen dorsal ou outra identificación que a organización entregue.

Todos os participantes superados polo vehículo de peche deberán saber que están fóra do ámbito de seguridade da proba e considéranse ciclistas individuais transitando pola súa conta.

O equipo médico da organización terá a potestade para retirar a calquera participante da marcha cando se considere que a súa saúde está en perigo.

Número máximo de participantes: 250.

A Organización non se fai responsable de ningún accidente do que puidese ser causa ou vítima o participante, nin se fai solidaria dos gastos ou débedas que puidesen contraer os participantes durante a marcha.

De xeito estrito, penalizarase aqueles participantes que:

- Non respecten o código de circulación.
- Non respecten as consignas de seguridade indicadas polas forzas da orde e pola organización.
- Ensucien ou degraden o itinerario, arroxando residuos.
- Dispoñan de vehículo de apoio propio, entorpecendo a marcha do resto.
- Circular fóra do percorrido sinalizado.
- Comportamentos que impidan o normal desenvolvemento da proba e que vaian en contra do presente regulamento.

A penalización poderá supoñer:

- Inclusión nos listados de participantes sancionados.
- Prohibición de participar noutras edicións da proba.
- As sancións impostas polas autoridades pola súa actitude.

3.1 CONDICIÓN FÍSICA

O participante no momento da súa inscrición manifesta atoparse fisicamente apto para afrontar o percorrido da proba e que non ten ningún impedimento físico nin psíquico para afrontala.

As rutas están orientadas a persoas con experiencia mínima en bicicleta de montaña e cunha condición física acorde á distancia e desnivel escollidos.

A organización aconsella a todos os participantes que pasen un recoñecemento médico previo á proba co fin de detectar e descartar calquera anomalía incompatible coa práctica do ciclismo.

4. INSCRICIÓN

A inscrición realizarase mediante a web da Federación Galega de Ciclismo.

Coa inscrición terase dereito aos seguintes servizos:

- Dorsal.
- Recordo da marcha.
- Avituallamentos sólidos e líquidos no percorrido.
- Persoal de seguridade.
- Asistencia médica.
- Posibilidade de xantar para participantes e acompañantes (extra non incluído na inscrición da proba).

4.1 COTAS DE INSCRICIÓN

A cota de inscrición para os participantes en posesión de licenza federativa de ciclismo en vigor será establecida pola organización e publicada na web oficial do evento.

Os participantes que non teñan licenza federativa de ciclismo en vigor deberán engadir ao custo da inscrición o correspondente seguro dun día da Federación Galega de Ciclismo.

Ante inclemencias climatolóxicas extraordinarias ou causas de forza maior non atribuíbles á organización e que imposibiliten a celebración da marcha, a organización non asumirá ningunha responsabilidade e non realizará devolución algunha do importe da inscrición. Neste caso, a organización valorará a posibilidade dun cambio de data.

5. ACREDITACIÓN E RECOLLIDA DE DORSAIS

Para a recollida do dorsal deberá presentarse a licenza federativa en vigor ou o DNI.

Os horarios de recollida de dorsais comunicaranse con antelación a través das canles oficiais do club.

6. PERCORRIDO

A marcha discorre polos concellos de San Sadurniño, Moeche e As Somozas, a través de pistas forestais, camiños tradicionais, corredoiras e sendeiros.

Lugar de saída e chegada: Finca A Cortiña, San Sadurniño.

Hora de saída: 8:30 h.

A organización resérvase o dereito de modificar o percorrido por motivos de seguridade, condicións meteorolóxicas ou causas alleas á organización.

6.1 AVITUALLAMENTOS

A organización disporá de avituallamentos sólidos e líquidos ao longo do percorrido.

A localización exacta dos puntos de avituallamento comunicarase previamente a todos os participantes.

7. DEREITOS DE IMAXE

O participante autoriza o uso de fotografías e vídeos propios, sempre que o seu uso garde relación co evento no que se inscribiu.

Coa inscrición, o participante admite que o organizador poida facer uso da imaxe de todos os participantes en calquera formato xa sexa gráfico ou dixital e en todas as súas formas (radio, prensa, vídeo, foto, internet, carteis, medios de comunicación, redes sociais, etc.) e cede todos os dereitos relativos á súa explotación comercial e publicitaria que se considere oportuno executar, sen dereito por parte súa a recibir compensación económica algunha.

8. PROTECCIÓN DA SAÚDE NO DEPORTE

A BTT San Sadurniño é unha proba federada, polo tanto, a organización e os participantes están sometidos aos regulamentos da Federación Española de Ciclismo e da Unión Ciclista Internacional.

Todos os participantes inscritos deben saber que estarán suxeitos aos posibles controis de saúde que a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte poida establecer.

Non será admitido neste evento deportivo ningún participante suspendido de forma cautelar ou con sanción vixente por temas relacionados coa saúde no deporte.

9. CIVISMO E RESPECTO

Os participantes aceptan cada un dos artigos deste regulamento e comprométense a participar de maneira honesta segundo as normas de tráfico, así como a cubrir todo o percorrido na súa totalidade antes de cruzar a liña de meta.

Co fin de contribuír a un mínimo impacto ambiental da proba, os participantes usarán os contedores situados nos avituallamentos e puntos estratéxicos para tirar envases, envoltorios ou restos de comida.

A organización solicita o máximo respecto polos veciños, propiedades privadas, gando, camiños tradicionais e espazos naturais polos que discorre a marcha.

10. XERALIDADES

A organización contará con asistencias durante o recorrido, con ambulancias e vehículos escoba.

11. PROTECCIÓN DE DATOS (LOPD)

Os organizadores garanten o cumprimento da normativa de protección de datos persoais.

12. CONTACTO

Club Biela e Chaveta

Teléfono: 600 50 00 46

Correo electrónico: bielaechaveta@bielaechaveta.gal

Web: <https://bielaechaveta.gal/>